

Acordo do Consello de Goberno, do 28 de maio de 2025, polo que se aproba a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudantado de grao e mestrado universitario

Texto consolidado

Última modificación: acordo do Consello de Goberno do 19 de xuño de 2026, publicado no Taboleiro Electrónico Oficial o 25 de xuño de 2026.

PREÁMBULO	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	3
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.....	3
CAPÍTULO II. Réximes ordinarios de dedicación ao estudo	4
Artigo 2. Modalidades de dedicación	4
Artigo 3. Réxime de dedicación a tempo completo	4
Artigo 4. Réxime de dedicación a tempo parcial	5
Artigo 5. Causas polas que se pode solicitar o réxime de dedicación a tempo parcial	5
Artigo 6. Efectos do recoñecemento da condición de estudante con dedicación a tempo parcial	7
CAPÍTULO III. Réxime extraordinario de dedicación ao estudo	8
Artigo 7. Réxime de matrícula adaptada por circunstancias de especial gravidade	8
Artigo 8. Causas polas que se pode solicitar o réxime de matrícula adaptada	8
Artigo 9. Efectos do recoñecemento da condición de estudante con matrícula adaptada	9
CAPÍTULO IV. Procedemento de declaración de dedicación a tempo parcial ou matrícula adaptada	9
Artigo 10. Iniciación do procedemento	9
Artigo 11. Recoñecemento.....	9
Artigo 12. Matrícula	10
CAPÍTULO V. Dispensa académica de asistencia ás actividades formativas síncronas	11
Artigo 13. Concepto	11
Artigo 14. Alcance da dispensa académica	12
Artigo 15. Procedemento de dispensa académica	13
Artigo 16. Efectos.....	14
Artigo 17. Dispensa académica especial de asistencia	15

Disposición adicional primeira. Estudantado de centros adscritos	16
Disposición adicional segunda. Estudantado de mención dual en grao e mestrado universitario	16
Disposición adicional terceira. Difusión e publicidade	16
Disposición adicional cuarta. Rexistro e seguimento das dispensas académicas....	17
Disposición transitoria. Adaptación das memorias verificadas dos títulos a esta normativa.....	17
Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....	17
Disposición final primeira. Habilitación	18
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	18

PREÁMBULO

A Universidade da Coruña, como institución de educación superior e servizo público, ten o deber de organizar as súas ensinanzas recoñecendo a diversidade do seu estudantado. Esta diversidade esixe unha planificación académica que teña en conta as distintas situacións persoais, sociais e económicas do alumnado, así como a necesidade de facer un uso responsable dos recursos públicos, que son limitados por natureza.

As demandas da sociedade actual, a lexislación vixente e a responsabilidade social que debe asumir unha institución de educación superior requiren que a Universidade da Coruña dispoña dunha normativa que regule a dedicación ao estudo. Ademais, resulta necesario organizar a actividade académica de forma que permita un bo rendemento académico do estudantado, favoreza o seu progreso e axuste a matrícula ao número de créditos que, no sistema ECTS, poidan ser razoablemente superados.

Na actualidade moitas persoas afrontan situacións externas como problemas socioeconómicos, laborais ou de saúde, que dificultan o seu progreso académico e a súa permanencia nos estudos universitarios. Por isto, é preciso recoñecer o dereito desas persoas a dispoñer unha segunda oportunidade académica unha vez superadas estas dificultades, así como adaptar as normas para que todas poidan conciliar os seus estudos con outras responsabilidades

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, establece no seu artigo 33.n) que as universidades deben facilitar esa conciliación mediante o deseño das actividades académicas. Ademais, no artigo 3 recoñécese a autonomía universitaria para aprobar normas internas como parte da súa capacidade de autorregulación. Pola súa banda, o Estatuto do estudante universitario (Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro), no artigo 7.2, establece que as universidades e administracións públicas competentes deben adoptar medidas para garantir que o estudantado a tempo parcial poida exercer os seus dereitos en condicións de equidade, sempre dentro das posibilidades orzamentarias.

En consecuencia, resulta necesario regular os diferentes réximes ordinarios de dedicación ao estudo e os procedementos para o seu recoñecemento, co fin de que o estudiantado poida axustar a súa matrícula a un número de créditos ECTS que razoablemente poida superar, tendo en conta as súas circunstancias persoais, socioeconómicas, laborais ou de saúde.

Así mesmo, resulta preciso prever un réxime extraordinario de dedicación ao estudo para dar resposta a situacións de especial gravidade que dificulten significativamente a continuidade dos estudos e que poidan xustificar medidas académicas excepcionais.

A través desta regulación, a Universidade da Coruña exerce a súa responsabilidade institucional e social, ao tempo que promove un rendemento académico sostible e ordenado, adaptado ás condicións reais do seu estudiantado. Deste modo, garántese tanto a protección de dereitos como o exercicio da responsabilidade académica do estudiantado, tal e como prevé o Estatuto do estudante universitario.

Polo exposto, o Consello de Goberno na sesión do 28/05/2025, acorda aprobar a Normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudiantado de grao e mestrado universitario.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto desta norma é regular o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica de asistencia ás actividades formativas síncronas (clases ou actividades formativas que requiren a coincidencia temporal entre o profesorado e o estudiantado) para o alumnado que estea matriculado en estudos oficiais de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (UDC).

2. Esta normativa aplicarase de forma supletoria nos seguintes supostos:

a) Estudiantado matriculado en titulacións conxuntas con outras universidades, tanto nacionais como estranxeiras, que conducen á obtención dun único título oficial de grao ou mestrado universitario, que se rexerán polo que establezan os respectivos convenios de titulación conxunta ou as memorias de verificación correspondentes.

b) Estudiantado dalgún dos programas de simultaneidade de estudos aprobados polo Consello de Goberno, que se rexerán polas súas propias normas de matrícula.

c) Estudiantado que participe en estudos regulados por convenios de dobre titulación con universidades estranxeiras, que se regularán polo que dispoñan os convenios correspondentes.

d) Estudiantado doutras modalidades de matrícula non destinadas á obtención dunha titulación oficial, que se rexerán pola súa normativa específica.

e) Estudiantado que participe en programas de mobilidade entrante, que se regularán polo que estableza o acordo académico durante o tempo que cursen estudos na UDC.

f) Estudiantado que participe en programas de mobilidade saínte, que se rexerán polo que dispoña o acordo académico e a normativa da universidade de destino durante o tempo que cursen estudos nela.

CAPÍTULO II. Réximes ordinarios de dedicación ao estudo

Artigo 2. Modalidades de dedicación

1. O estudiantado da Universidade da Coruña matriculado en estudos oficiais de grao e/ou mestrado terá dereito a elixir a condición de estudante, con dedicación a tempo completo ou a tempo parcial con independencia do curso en que se atope, nos termos e condicións que estableza esta norma.

2. Todas as titulacións deberán permitir que o estudiantado se matricule no réxime de dedicación a tempo parcial coas condicións recollidas nos parágrafos seguintes.

3. No caso de inicio de estudos, a porcentaxe de persoas matriculadas a tempo parcial non poderá superar o 15 % para estudos de grao e o 30 % para estudos de mestrado, respecto ao límite de prazas ofertado cada curso académico, redondeado por exceso.

Excepcionalmente, a vicerreitoría con competencias en materia de organización académica poderá autorizar unha porcentaxe superior para unha titulación concreta, a solicitude do centro ao que estea adscrita. Para tales efectos, a persoa titular do decanato ou dirección do centro, tras o acordo da xunta de centro, remitirá unha solicitude non máis aló do último día hábil do mes de abril, en que conste a xustificación da necesidade da dita modificación. A autorización, de concederse, será para un único curso académico.

As solicitudes que se deneguen por superar as devanditas porcentaxes poderán ser estimadas con posterioridade de non se cubriren todas as prazas que se oferten e sempre que o/a estudante continúe matriculado/a a tempo completo na mesma titulación.

4. O réxime de dedicación que se elixa cando se formalice a matrícula manterase durante todo o curso académico, agás nos supostos de cambio de réxime previstos nesta norma ou na normativa que regule a matrícula nos estudos oficiais de grao e mestrado de cada curso académico. En calquera caso, logo da aceptación do cambio de réxime de dedicación, este manterase durante o curso académico sen que se poida volver á dedicación inicial.

Artigo 3. Réxime de dedicación a tempo completo

1. O réxime de dedicación a tempo completo será o xeral para os estudos de grao e mestrado na Universidade da Coruña.

2. O estudiantado de inicio de estudos a tempo completo terase que matricular de todos os créditos do primeiro curso da titulación.

No suposto de que inicie un mestrado, poderá solicitar matricularse de máis créditos dos obrigatorios engadindo materias optativas, sempre que non se superen os 78 créditos ECTS en total.

3. O estudantado de continuación de estudos a tempo completo terase que matricular dun mínimo de 48 e un máximo de 78 créditos ECTS.

Porén, poderá chegar ata os 90 créditos ECTS cando a matrícula estea condicionada por obrigas académicas establecidas no plan de estudos (ordenación temporal do plan de estudos, prelación ou prerequisites, compatibilidade horaria das materias) ou por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas. Neste último caso, será a persoa titular do decanato ou dirección do centro, por delegación da reitora ou do reitor, quen valore e autorice a ampliación.

O estudantado ao que lle reste menos de 48 créditos ECTS para finalizar os seus estudos deberá matricularse de todos eles, agás que se lle conceda o réxime de dedicación a tempo parcial.

Sexa como for, a estudante ou o estudante deberá incluír na súa matrícula todos os créditos de formación básica, se os houber, e obrigatoria de cursos académicos anteriores que aínda non teña superados.

Artigo 4. Réxime de dedicación a tempo parcial

1. Considerarase estudantado con dedicación a tempo parcial aquel que se matricule nun curso académico dun mínimo de 24 e dun máximo de 48 créditos ECTS, tanto para estudantes de inicio de estudos como para estudantes de continuación de estudos.

O estudantado ao que lle reste menos de 24 créditos ECTS para finalizar os seus estudos deberá matricularse de todos eles e poderá solicitar a consideración de estudante con dedicación a tempo parcial.

2. A condición de estudante con dedicación a tempo parcial deberá ser solicitada pola persoa interesada e declarada pola persoa titular do decanato ou dirección do centro, polas causas previstas no artigo 5 e segundo o procedemento establecido no capítulo IV.

Artigo 5. Causas polas que se pode solicitar o réxime de dedicación a tempo parcial

1. Poderase solicitar ser estudante con dedicación a tempo parcial nos seguintes casos:

a) Realizar unha actividade laboral ou profesional, por conta propia ou allea, durante o curso académico cunha duración mínima de 90 días naturais (seguidos ou non). Esta circunstancia acreditarase mediante o contrato de traballo ou nomeamento administrativo, a documentación xustificativa da condición de empresario/a ou de

traballador/a autónomo/a e o xustificante de alta na Seguridade Social ou réxime equiparable.

b) Ter recoñecido un grao de discapacidade física, psíquica ou sensorial igual ou superior ao 33 %. Esta condición acreditarase mediante a resolución expresa de recoñecemento do grao emitida polo organismo competente.

c) Ter recoñecida a condición de estudante con discapacidade ou necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), segundo o que indica a Normativa de atención á diversidade da Universidade da Coruña. Esta condición será acreditada pola Unidade de Atención á Diversidade (ADI) ou pola vicerreitoría competente en materia de atención a diversidade.

d) Padecer unha enfermidade ou seguir un tratamento médico que dificulte de forma relevante continuar os estudos a tempo completo. Esta circunstancia acreditarase mediante un informe médico oficial, emitido por un servizo público de saúde ou servizo médico equivalente no caso de mutualidades que presten unha asistencia sanitaria equivalente.

Esta circunstancia tamén se aplicará cando a doenza ou tratamento afecte a familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade da/o estudante. Neste suposto terá que acreditarse, ademais do indicado no parágrafo anterior, a necesidade de atención ou coidado por parte desta/e.

e) Estar en situación de baixa médica ou ter un permiso por embarazo, nacemento, maternidade, paternidade, preadopción, adopción ou acollemento dun/dunha menor. Esta situación acreditarase mediante un certificado médico ou a documentación oficial que corresponda.

f) Estar a cargo do coidado dunha filla(s) ou fillo(s) menor(es) de 12 anos. Esta circunstancia acreditarase mediante o certificado de nacemento da/o menor emitido polo Rexistro Civil, en que se acredite a paternidade ou maternidade da/o estudante, segundo corresponda.

g) Ser a persoa coidadora principal dun familiar dependente ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Esta situación acreditarase mediante a credencial de persoa coidadora.

h) Ser vítima de actos de terrorismo. Esta condición acreditarase segundo o que recolle a Normativa de xestión académica do curso que corresponda.

i) Ser vítima dunha situación de violencia de xénero ou de calquera das violencias que se recollen no Protocolo para a prevención, detección e actuación da UDC ante situacións de violencia de xénero, violencias sexuais, violencias LGTBIfóbicas, discriminación ou acoso sexista ou por razón de sexo, orientación afectivo-sexual, identidade ou expresión de xénero e características sexuais, aprobado polo Consello de Goberno o 20 de decembro de 2023. Esta condición será acreditada pola vicerreitoría competente en materia de igualdade.

- j) Ser maior de 45 anos.
- k) Exercer cargos de representación cidadá en institucións ou administracións públicas. Esta situación acreditarase mediante un certificado da entidade que corresponda.
- l) Ter dificultades económicas para continuar os estudos, incluídas as derivadas de atoparse en situación de desemprego. Esta circunstancia acreditarase mediante un documento emitido pola administración ou entidade pública que corresponda.
- m) Estar matriculado ou matriculada, a tempo completo e de xeito simultáneo, noutros estudos universitarios oficiais ou equivalentes –entre outros, os que se recollen no Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, ou na norma que o substitúa– como ensinanza artística superior ou ciclos formativos de grao superior. Esta situación acreditarase mediante un certificado do centro correspondente, emitido con data non superior a cinco días hábiles antes da solicitude.
- n) Ter a consideración de deportista de alto nivel ou alto rendemento, segundo os criterios establecidos pola UDC. Será necesario achegar a documentación que acredite o cumprimento dalgún dos requisitos do artigo 2 da Normativa do/a deportista de alto nivel da UDC.
- o) Desempeñar labores de representación estudantil. Esta circunstancia acreditarase mediante unha certificación expedida pola Secretaría Xeral.
- p) Participar en actividades de cooperación e voluntariado, sempre que estas actividades se desenvolvan durante un mínimo de 90 días naturais (seguidos ou non). Esta situación será acreditada pola oficina da Universidade que corresponda ou pola entidade con que se colabore.
- q) Estar incluído/a no ámbito de aplicación dun convenio de mobilidade universitaria suscrito con outras universidades que considere esta situación.
- r) Outras circunstancias excepcionais relacionadas coa organización académica do título ou coa situación académica persoal da/o estudante, sempre que quede suficientemente acreditada e sexa aceptada polos órganos responsables da resolución das solicitudes.

2. As circunstancias recollidas neste artigo deberán concorrer nas persoas interesadas no momento de presentar a súa solicitude correspondente. O cambio desas circunstancias ao longo do curso académico non alterará o réxime de dedicación recoñecido, agás nos supostos de cambio de réxime previstos nesta norma.

Artigo 6. Efectos do recoñecemento da condición de estudante con dedicación a tempo parcial

1. O recoñecemento da condición de estudante con dedicación a tempo parcial terá, cando menos, os seguintes efectos:

- a) Dereito preferente para elixir a quenda cando haxa dous ou máis grupos con horarios diferentes na mesma materia ou disciplina.
 - b) Dereito á adaptación dos horarios de titorías e á súa realización por vía telemática, a través das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) da UDC.
 - c) Dereito a flexibilidade nos prazos de entrega das actividades de avaliación continua.
 - d) Dereito a un réxime flexible de asistencia ás clases, que se poderá materializar mediante a solicitude e concesión dunha dispensa académica de asistencia ás actividades formativas síncronas, de acordo co que se establece no capítulo V.
 - e) Dereito a matricularse dun número de créditos inferior ao que correspondería ao estudiantado a tempo completo, dentro das limitacións previstas no artigo 4.
2. O estudiantado con dedicación a tempo parcial deberá respectar o número máximo de créditos autorizado segundo o seu tipo de matrícula, polo que se matriculará en primeiro lugar de todos os créditos de formación básica, se os houber, e dos créditos obrigatorios dos cursos académicos anteriores que non superase.

CAPÍTULO III. Réxime extraordinario de dedicación ao estudo

Artigo 7. Réxime de matrícula adaptada por circunstancias de especial gravidade

1. Cando concorran circunstancias de especial gravidade que dificulten de forma significativa a posibilidade de realizar os estudos nos réximes ordinarios de dedicación a tempo completo ou parcial, o estudiantado poderá solicitar a adaptación extraordinaria da súa matrícula de xeito que se lle permita matricularse dun mínimo de 6 e dun máximo de 24 créditos ECTS.
2. A condición de estudante con matrícula adaptada deberá ser solicitada pola persoa interesada e recoñecida pola persoa titular da vicerreitoría con competencias en organización académica, polas causas previstas no artigo 8 e segundo o procedemento recollido no capítulo IV.

Artigo 8. Causas polas que se pode solicitar o réxime de matrícula adaptada

1. Para solicitar o réxime de matrícula adaptada o estudiantado deberá acreditar a concorrencia dalgunha das circunstancias previstas nas letras b), c), d), e), g), h), i), l) e r) do artigo 5 e xustificar adecuadamente a situación de especial gravidade que lle impida realizar os seus estudos no réxime ordinario de dedicación a tempo parcial.
2. As circunstancias recollidas neste artigo deberán concorrer nas persoas interesadas no momento de presentar a súa solicitude. O cambio desas circunstancias ao longo do curso académico non alterará o réxime de dedicación recoñecido, agás nos supostos de cambio de réxime previstos nesta norma.

Artigo 9. Efectos do recoñecemento da condición de estudante con matrícula adaptada

1. Seralle aplicable ao estudantado con matrícula adaptada o que está disposto no artigo 6 para o estudantado con dedicación a tempo parcial.
2. O recoñecemento do réxime de matrícula adaptada eximirá o alumnado da obriga de cumprir cos requisitos de permanencia.

CAPÍTULO IV. Procedemento de declaración de dedicación a tempo parcial ou matrícula adaptada

Artigo 10. Iniciación do procedemento

1. O estudantado que desexe solicitar o réxime de dedicación a tempo parcial ou o réxime de matrícula adaptada deberao indicar na aplicación informática no momento de se matricular.

No caso do réxime de matrícula adaptada, esta indicación non será obrigatoria cando as circunstancias que xustifiquen a solicitude sexan sobrevidas con posterioridade á formalización da matrícula.

2. Dentro dos dez días naturais seguintes á formalización da matrícula, o estudantado deberá presentar unha solicitude de réxime de dedicación a tempo parcial ou de réxime de matrícula adaptada a través da Secretaría Virtual. No caso da matrícula adaptada, cando as circunstancias recollidas no artigo 8 concorran con posterioridade á formalización da matrícula, a solicitude poderase presentar desde o momento en que estas concorran na persoa interesada.

En ambos os casos, deberáselle xuntar á solicitude a documentación acreditativa das circunstancias previstas nesta norma que resulten de aplicación ao réxime solicitado.

No caso do réxime de matrícula adaptada será imprescindible que na solicitude se xustifique adecuadamente a situación individualizada de especial gravidade que impide realizar os estudos no réxime ordinario de dedicación a tempo parcial.

3. Se a documentación estiver incompleta ou contivese erros, notificaráselle á persoa solicitante para que a corrixa ou a complete no prazo de 10 días hábiles.

Artigo 11. Recoñecemento

1. A condición de estudante con dedicación a tempo parcial será recoñecida pola persoa decana ou directora de centro, tras o informe vinculante da comisión con competencias académicas que determine cada centro, en función da súa organización interna.

En calquera caso, establecerase un sistema de selección determinado polo día en que a solicitude estea completa e correctamente presentada, o cal inclúe toda a documentación requirida. En caso de empate, terase en conta a nota de admisión á titulación.

2. O recoñecemento do réxime de matrícula adaptada corresponderalle á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de organización académica. Para a súa resolución poderanse solicitar os informes que se consideren necesarios en función das circunstancias alegadas.

3. Todas estas resolucións, adoptadas por delegación do reitor ou da reitora, deberanse emitir no prazo máximo de 15 días hábiles que contarán desde o día seguinte á recepción das solicitudes.

4. A resolución notificaráselle á persoa solicitante a través do correo electrónico institucional. No caso de a notificación non se considerar efectuada por esta vía, posteriormente realizarase a través de correo postal con aviso de recepción.

Contra estas resolucións a persoa interesada poderá presentar un recurso potestativo de reposición ante a reitora ou o reitor, de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

5. O recoñecemento da condición de estudante con dedicación a tempo parcial ou do réxime de matrícula adaptada terá validez durante un curso académico. O alumnado que continúe estudos deberá solicitar a súa renovación para cada novo curso nos termos, condicións e procedementos que se establecen nesta norma e sempre que concorran e se acrediten as circunstancias que xustifican a súa concesión.

Artigo 12. Matrícula

1. O estudantado de inicio de estudos que solicite o réxime de dedicación a tempo parcial ou réxime de matrícula adaptada deberá matricularse inicialmente de todas as materias do primeiro curso. O pagamento da matrícula quedará aprazado ata que se resolva a súa solicitude.

De serlle recoñecido o réxime de matrícula que solicitou, modificarase a matrícula inicial. Para isto o alumnado terá que indicar na administración/UXAI do seu centro aquelas materias en que desexa continuar matriculado e aquelas das que quere causar baixa. Así mesmo, deberá aboar os créditos das materias en que finalmente se matricule, no prazo que estableza a Normativa de xestión académica do curso que corresponda.

De serlle denegada a matrícula a tempo parcial, aplicarase a opción que previamente indicase na súa solicitude. Deste xeito, o estudantado quedará matriculado a tempo completo ou a administración/UXAI do seu centro anulará a súa matrícula co réxime de devolución de prezos públicos establecido na Normativa de xestión académica que corresponda.

2. O estudantado de continuación de estudos que solicite o réxime de dedicación a tempo parcial ou réxime de matrícula adaptada deberá matricularse inicialmente dos créditos que lle corresponderían no caso de que a súa solicitude fose estimada. O pagamento da matrícula quedará aprazado ata que se resolva a súa solicitude.

De serlle recoñecido o réxime de matrícula que solicitou, o alumnado terá que aboar os prezos públicos que correspondan aos créditos dos que se matriculou inicialmente, dentro do prazo que estableza a Normativa de xestión académica do curso que corresponda.

De serlle denegada a matrícula a tempo parcial, modificarase a súa matrícula inicial e o estudiantado quedará matriculado a tempo completo, agás que solicite a anulación da matrícula co réxime de devolución de prezos públicos establecido na Normativa de xestión académica que corresponda.

3. No caso de que ao estudiantado de inicio ou de continuación de estudos se lle denegue o réxime de matrícula adaptada, a súa matrícula inicial será modificada e poderá quedar matriculado a tempo completo ou a tempo parcial, de se recoller expresamente na resolución. En calquera caso, poderá solicitar a anulación da matrícula co réxime de devolución de prezos públicos establecido na Normativa de xestión académica que corresponda.

De lle ser denegado o réxime de matrícula adaptada pero concedido o de tempo parcial, o estudiantado de inicio ou de continuación de estudos terá que indicar na administración/UXAI do seu centro aquelas materias das que quere ampliar a matrícula, sempre que lle queden máis de 24 créditos ECTS para rematar os seus estudos e a súa matrícula inicial fose inferior a esa cifra.

O recoñecemento do réxime de matrícula adaptada por circunstancias sobrevidas con posterioridade á formalización da matrícula poderá dar lugar á modificación desta nos termos que estableza a Normativa de xestión académica do curso correspondente.

4. En situacións excepcionais debidamente xustificadas, o estudiantado de inicio ou de continuación de estudos poderá solicitar, dentro dos prazos que estableza a Normativa de xestión académica do curso que corresponda, o cambio de réxime de matrícula de tempo completo a tempo parcial.

Estas solicitudes deberán enviarase á vicerreitoría con competencias en materia de organización académica, que resolverá tras o informe vinculante da Comisión de Plan de Estudos delegada do Consello de Goberno, no prazo de 15 días hábiles, que contarán a partir do seguinte ao da recepción da solicitude. As solicitudes resolveranse por delegación das competencias da reitora ou do reitor. Contra esta resolución poderase presentar un recurso potestativo de reposición ante o reitor ou a reitora.

CAPÍTULO V. Dispensa académica de asistencia ás actividades formativas síncronas

Artigo 13. Concepto

1. A dispensa académica de asistencia é unha autorización que exime o estudiantado de grao ou mestrado da obrigatoriedade de asistir ás actividades formativas síncronas presenciais ou virtuais, cando concorran algunha das causas recollidas no artigo 5, e

sempre que sexan susceptibles de ser dispensadas segundo o que dispón esta normativa.

A súa concesión non poderá ter efectos negativos sobre o proceso de avaliación nin sobre a adquisición dos resultados de aprendizaxe que se establecesen no plan de estudos.

2. A dispensa académica deberá reunir as seguintes características:

a) Adaptarse ás situacións concretas do estudantado, tendo en conta as súas necesidades específicas.

b) Garantir que o proceso de ensino-aprendizaxe se desenvolva coas suficientes garantías para permitir unha progresión académica do estudantado, sen comprometer a adquisición dos obxectivos formativos da titulación nin o seu dereito a unha avaliación equitativa e adaptada á súa situación.

c) Aplicarse a todas aquelas actividades formativas síncronas que poidan ser realizadas sen a intervención directa de persoal docente ou titor de entidades colaboradoras, sempre que se asegure a adquisición dos correspondentes resultados de aprendizaxe.

d) Incluír sistemas de avaliación flexibles que permitan ao estudantado con dispensa académica acadar a cualificación máxima prevista na materia.

e) Permitir ao estudantado con dispensa académica un número de faltas non xustificadas equivalente, como mínimo, ao 10 % do total de horas (nunca inferior a unha sesión) das actividades formativas síncronas recollidas no artigo 14.2, letras a), b), c) e f), sen que isto afecte á cualificación final. Esta excepción non será aplicable no caso de actividades que contén cunha única sesión indivisible.

2. No suposto de que unha normativa específica dunha titulación estableza o contrario, o decanato ou dirección de centro deberá comunicalo á vicerreitoría competente en materia de organización académica, que resolverá ao respecto tras avaliar a dita normativa.

Artigo 14. Alcance da dispensa académica

1. A dispensa académica de asistencia ás actividades formativas síncronas aplicarase exclusivamente ao estudantado ao que lle fose concedida, tras a correspondente solicitude presentada segundo o que establece o artigo 15 desta normativa.

2. Con carácter xeral, todas as actividades formativas síncronas das materias que conforman o plan de estudos dunha titulación serán susceptibles de dispensa, agás as seguintes:

a) Prácticas obrigatorias que esixan presencialidade, como as que se realizan en laboratorios, clínicas, centros, entidades colaboradoras, entre outras.

b) Obradoiros, seminarios ou outras actividades baseadas na participación activa do estudantado, sempre que a ausencia de interacción directa co profesorado ou co instrumental empregado impida acadar os resultados de aprendizaxe previstos.

c) Actividades de avaliación, tanto continua como final, en calquera das dúas oportunidades oficiais, cando, por razóns debidamente xustificadas, non sexa posible a súa adaptación ao estudantado con dispensa académica concedida.

d) Prácticas externas en empresas ou institucións que requiran asistencia física.

e) Defensa de traballos de fin de grao (TFG) e de traballos de fin de mestrado (TFM) en titulacións presenciais, agás autorización expresa da persoa decana ou directora do centro correspondente, de acordo co que dispón a Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG/TFM.

f) Calquera outra actividade formativa síncrona en que se considere que o estudantado non pode acadar os resultados de aprendizaxe previstos mediante o uso de sistemas alternativos á asistencia. Neste caso, o centro deberá remitir unha solicitude xustificada á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de organización académica, que resolverá tras recibir o informe da Comisión de Plan de Estudos.

3. As materias que non permitan dispensar ningunha das súas actividades formativas deberán contar cun informe xustificativo desta circunstancia emitido pola comisión con competencias académicas que determine cada centro. Esta circunstancia deberá indicarse expresamente na guía docente da materia.

4. As materias que contén con algunha actividade formativa susceptible de dispensa deberán recoller na guía docente:

a) a relación das actividades formativas que poidan ser obxecto de dispensa académica e as correspondentes adaptacións previstas para cada unha delas;

b) o sistema de avaliación aplicable ao estudantado con dispensa académica concedida.

Entenderase que todas as actividades non especificadas como susceptibles de dispensa serán consideradas non dispensables, de acordo co disposto neste artigo.

Artigo 15. Procedemento de dispensa académica

1. O estudantado, en calquera dos réximes de dedicación ao estudo recollidos no capítulo II (tempo completo, parcial ou adaptado), poderá solicitar a dispensa académica de asistencia ás actividades formativas síncronas das materias en que estea matriculado. Na solicitude deberá indicar as materias para as que solicita a dispensa, o suposto en que se atopa dos recollidos no artigo 5 e a documentación acreditativa correspondente.

A solicitude deberase dirixir ao decanato ou dirección de centro en que estea matriculado o estudantado e poderase presentar no momento de formalizar a

matrícula ou, como máximo, no prazo de quince días hábiles desde o inicio da actividade docente do cuadrimestre correspondente.

En todos os casos, as circunstancias alegadas deberán existir no momento da solicitude.

En situacións excepcionais debidamente xustificadas, o estudantado poderá presentar a solicitude de dispensa fóra dos prazos establecidos no punto anterior, mediante unha instancia dirixida a persoa titular do decanato ou dirección de centro. Neste caso, a solicitude terá que se facer antes de que finalice o período lectivo do cuadrimestre en que se imparta(n) a(s) materia(s) afectada (s).

2. Se a documentación presentada estiver incompleta ou contivese erros, notificaráselle á persoa solicitante para que a corrixa ou a complete no prazo de 10 días hábiles. Durante ese tempo o prazo para resolver a solicitude quedará suspendido e volverá contar unha vez que se achegue correctamente a documentación requirida.

3. O decanato ou dirección de centro solicitará o informe da comisión con competencias académicas que determine cada centro, en función da súa organización interna.

No caso de darse unha situación excepcional das previstas no parágrafo 1 deste artigo, a resolución requirirá tamén dos informes das coordinacións das materias afectadas. Nestes informes indícarase, de ser o caso, da imposibilidade de conceder a dispensa cando supoña un prexuízo para o propio estudantado solicitante, especialmente no que se refire aos resultados da súa avaliación.

4. O decanato ou dirección de centro valorará e resolverá de forma motivada as solicitudes de dispensa académica no prazo máximo de 15 días hábiles, que contarán desde o día seguinte á recepción das solicitudes, agás en caso de suspensión do prazo previsto no parágrafo 2 deste artigo.

5. A resolución notificaráselle á persoa solicitante a través do correo electrónico institucional. No caso de a notificación non se considerar efectuada por esta vía, posteriormente realizarase a través de correo postal con aviso de recepción. Así mesmo, a resolución será comunicada ao profesorado responsable das materias afectadas. Se a resolución é favorable, comunicarase tamén ás coordinacións das materias afectadas, segundo o procedemento que estableza cada centro.

Contra esta resolución a persoa interesada poderá presentar un recurso potestativo de reposición ante o reitor ou a reitora, de acordo co disposto na LPACAP.

Artigo 16. Efectos

1. A resolución pola que se conceda a dispensa académica de asistencia terá validez durante un curso académico.

2. A dispensa terá efecto desde a data da concesión incluídos os aspectos de avaliación, agás que se indique outra cousa na resolución.

3. O alumnado que continúe estudos deberá solicitar a súa renovación para cada novo curso nos termos, condicións e procedementos que se establecen nesta norma e sempre que concorran e se acrediten as circunstancias que xustifican a súa concesión.

4. A concesión de dispensa académica non terá ningún efecto económico nin implicará redución ningunha nos dereitos de matrícula.

5. O estudiantado con dispensa de asistencia manterá o dereito a ser avaliado nas dúas oportunidades das materias afectadas, mediante un sistema alternativo, cando sexa necesario, que lle permita acadar a cualificación máxima prevista na materia. Este sistema deberá estar recollido na guía docente de cada materia.

Artigo 17. Dispensa académica especial de asistencia

1. Terá dereito a solicitar unha dispensa académica especial de asistencia ás actividades formativas síncronas aquel estudiantado que se atope en calquera dos seguintes supostos:

a) Estar embarazada ou ter un permiso por nacemento, maternidade, paternidade, preadopción, adopción ou acollemento dunha persoa menor de idade.

b) Ter ao seu cargo fillas ou fillos menores de 12 anos.

c) Ser a persoa cuidadora principal dun familiar dependente ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

d) Ser vítima dunha situación de violencia de xénero ou de calquera das violencias que se recollen no Protocolo para a prevención, detección e actuación da UDC ante situacións de violencia de xénero, violencias sexuais, violencias LGTBfóbicas, discriminación ou acoso sexista ou por razón de sexo, orientación afectivo-sexual, identidade ou expresión de xénero e características sexuais, aprobado polo Consello de Goberno o 20/12/2023.

2. As situacións que se recollen no apartado anterior deberán acreditarse segundo o que estableza a normativa aplicable en cada caso, sen prexuízo de que poidan admitirse outros medios establecidos mediante unha instrución da vicerreitoría con competencias en materia de igualdade.

3. O recoñecemento desta dispensa especial dará dereito a que a persoa solicitante poida ter un número de faltas non xustificadas equivalente, como mínimo, ao 20 % do total de horas das actividades formativas síncronas que se recollen no artigo 14.2, letras a), b), c) e f), sen que isto afecte negativamente á súa avaliación.

4. Para solicitar esta dispensa especial, o estudiantado terá que presentar unha solicitude coa indicación das materias para as que a solicita a dispensa, o suposto en que se atopa e a documentación acreditativa correspondente.

A solicitude dirixirase á vicerreitoría con competencias en materia de organización académica e presentarse de acordo cos prazos e condicións establecidos no artigo 15.1 desta norma..

5. A vicerreitoría con competencias en materia de organización académica solicitaralle un informe ao decanato ou á dirección do centro, en que se propoñerán as posibles adaptacións nas distintas materias en que estiver matriculado/a o/a estudante, tendo en consideración a súa situación persoal. Unha vez recibido o informe, a vicerreitoría resolverá as solicitude de forma motivada no prazo máximo de 15 días hábiles, que contarán desde o día seguinte á súa recepción.

Se a documentación presentada estiver incompleta ou contivese erros, notificaráselle á persoa solicitante para que a corrixa ou complete no prazo de 10 días hábiles. Durante ese tempo o prazo para resolver a solicitude quedará suspendido e volverá contar unha vez que se achegue correctamente a documentación requirida.

6. A resolución notificaráselle á persoa solicitante a través do correo electrónico institucional. No caso de a notificación non se considerar efectuada por esta vía, posteriormente realizarase a través de correo postal con aviso de recepción. Así mesmo, a resolución será comunicada ao profesorado responsable das materias afectadas.

Contra esta resolución poderá presentarse un recurso potestativo de reposición ante a reitora ou o reitor, de acordo co disposto na LPACAP.

7. Os efectos desta dispensa especial serán os que establece o artigo 16 desta norma.

Disposición adicional primeira. Estudantado de centros adscritos

Esta normativa seralle aplicable ao estudantado matriculado nos centros adscritos da UDC, que actuarán seguindo os procedementos que teñan establecidos a través dos seus propios órganos ou unidades responsables.

Disposición adicional segunda. Estudantado de mención dual en grao e mestrado universitario

O estudantado que estea a cursar unha mención dual nun grao e/ou mestrado universitario da Universidade terá dereito a solicitar a dispensa académica de asistencia ás actividades formativas síncronas naquelas materias que non formen parte do itinerario dual e que sexan incompatibles co horario do seu proxecto formativo.

Disposición adicional terceira. Difusión e publicidade

A Universidade da Coruña, xunto cos seus centros e servizos, difundirá a través das súas canles habituais de comunicación información clara e accesible sobre o réxime de dedicación a tempo parcial, o réxime de matrícula adaptada e a dispensa académica de asistencia ás actividades formativas síncronas.

Así mesmo, proporcionaralle ao estudantado información detallada sobre os requisitos e os trámites necesarios para solicitar estas opcións.

Disposición adicional cuarta. Rexistro e seguimento das dispensas académicas

Os centros deberán levar un rexistro actualizado, en cada curso académico, das solicitudes de dispensa académica recibidas, das resolucións que se adopten e dos supostos que alegue o estudantado. Esta información poderá ser solicitada polos órganos competentes en materia de organización académica da Universidade, para a súa análise con fins estatísticos ou para a mellora dos procedementos académicos.

Disposición transitoria. Adaptación das memorias verificadas dos títulos a esta normativa

Os títulos que teñan nas súas memorias verificadas números máximos ou mínimos de créditos superiores ou inferiores aos que establece esta norma para os diferentes réximes de dedicación ao estudo, disporán dun período transitorio ata o curso 2026-27, para solicitar a modificación que lles permita adaptarse a esta normativa. Para iso, os centros deberán solicitar a correspondente modificación, segundo o que se establece nos artigos 30 a 33 da sección terceira do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e, segundo o vixente Procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e mestrado Universitario que aprobe a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Mentres non se realicen estas modificacións o estudantado matriculado nestes títulos poderá elixir continuar co réxime de dedicación ao estudo establecido na memoria verificada do título que estuda ata que este non se modifique ou acollerse de forma definitiva ao réxime de dedicación establecido nesta normativa.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

1. Quedan expresamente derogadas:

a) A Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na UDC, aprobada polo Consello Social do 04/05/2017.

b) A Instrución da Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente mediante a que se desenvolve o artigo 8 da norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de estudos oficiais da Universidade da Coruña do 10/10/2019.

c) A Instrución da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente sobre a interpretación de determinados artigos da norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de estudos oficiais na UDC, con data do 02/09/2022, modificada por Resolución do 24/04/2023.

2. Quedan igualmente derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao que se dispón nesta normativa.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a vicerreitoría con competencias en materia de organización académica para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad